

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

VISTO o expediente tramitado de contratación administrativa de servizos de esparcemento, cursos, mantemento e limpeza da piscina municipal de Sigüeiro e cafetería durante a tempada 2009( expediente de contratación nº 2009/17).

CONSIDERANDO as invitacións feitas por Decreto de Alcaldía de data 17 de abril de 2009.

CONSIDERANDO as proposicións presentadas en prazo polos licitadores invitados.

LOGO DE VER a proposta da Mesa de contratación de data 14 de maio de 2009 que outorga a seguinte puntuación á única empresa concurrente:

EMPRESA	PUNTUACION
BRÉTEMA, S.L.	18 PUNTOS

En uso das facultades que me confire a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, con esta data **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Adjudicar provisionalmente o contrato a BRÉTEMA, S.L. por ser a única oferta presentada a licitación e que responde aos criterios de adxudicación, polo seguinte prezo (IVE incluído):

- A) Organización de eventos deportivos, culturais e recreativos.  
Curso de natación: 802,50 €/monitor
- B) Mantemento das instalacións: 4.698,00 €/mes
- C) Canón ofertado pola explotación da cafetería: 600 €/mes

**Segundo.-** Proceder a publicación deste acordo no perfil do contratante e notificar o presente acordo ao adxudicatario para os efectos de constitución da garantía definitiva dun 5% do prezo global de adxudicación, IVE excluído, e a presentación da documentación xustificativa de toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, si para acreditar o cumprimento de ditas obrigas se optara inicialmente pola presentación de unha declaración responsable.

Orosó, 15/05/2009  
O alcalde



Asdo.: Manuel Mirás Franqueira

Ante min secretario



Asdo: Dalmiro Núñez Méndez